

PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020/2021

Normativa aplicable:

[Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.](#)

[Decreto 254/2012, de 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.](#)

[Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

[Orde de 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.](#)

Esta normativa está a disposición dos/das interesados/as na **Administración do centro**.

ENSINANZAS E PRAZAS OFERTADAS

O IES DE CARRAL OFERTA AS ENSINANZAS CORRESPONDENTES A: ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO (ESO).

O CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CONSIDÉRASE CENTRO ADSCRITO. OS CENTROS PÚBLICOS ADSCRITOS A OUTROS CENTROS PÚBLICOS QUE IMPARTAN ETAPAS DIFERENTES, CONSIDERARANSE CENTROS ÚNICOS PARA OS EFECTOS DA APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO. POR ESTE MOTIVO O ALUMNADO DO CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL, QUE PRESENTOU A SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA NO SEU MOMENTO, TEN PRIORIDADE PARA A ADMISIÓN NESTE IES.

A EFECTOS DE BAREMACIÓN, NO CASO DE EXISTIR MÁIS DEMANDA QUE PRAZAS OFERTADAS, A ÁREA DE INFLUENCIA DESTE CENTRO É O CONCELLO DE CARRAL.

PARA O CURSO 2020/2021 OFÉRTANSE AS SEGUINTE VACANTES

(unha vez adxudicadas as correspondentes ao CEIP Vicente Otero Valcárcel):

1º ESO: 31 PRAZAS (3 prazas n.e.e.).

2º ESO: 34 PRAZAS.

3º ESO: 37 PRAZAS.

4º ESO: 49 PRAZAS.

PRAZOS

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN: 1-20 DE MARZO

**PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS
CRITERIOS DE BAREMO (NO CASO DE HABER MÁIS SOLICITUDES
QUE PRAZAS OFERTADAS): 25 DE MARZO-7 ABRIL**

**PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS E NON ADMITIDAS:
ANTES DO 25 DE ABRIL** (as reclamacións poderán presentarse no centro no prazo de 5 días hábiles contados
a partires do seguinte á publicación)

**PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS E NON ADMITIDAS:
ANTES DO 15 DE MAIO** (poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial no
prazo dun mes contado a partires do día seguinte ao da publicación)

NOTA INFORMATIVA

Cada alumno/a **só poderá presentar unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A presentación de máis dunha solicitude suporá a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle se non se informa previamente, por escrito, de que queda sen efecto a solicitude presentada con anterioridade.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo ao centro de orixe.

O alumnado que teña reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva **antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**

O centro ofrece, como servizo complementario, transporte escolar.

A normativa aplicable é a seguinte:

- [Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.](#)
- http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140610/AnuncioCA02-050614-0001_gl.html